

SINOPSE

Houbo un día no que o Planeta Ardora estivo cheo de luz, un día no que florecían as “adaldas”, que así é como se chaman alí as flores, os “tulús”, os peixes, nadaban na ardora que é a auga-luz que da nome ao planeta e que ilumina a moitos seres que ali viven, naqueles días Ardora podía considerarse un Planeta feliz...pero, (sempre hai un pero senón non existirían as historias), todo isto rematou, alguén comezou a estragar a auga-luz e con ela ao resto da vida, deixando todo enzoufado e noxento, os pobres ardorianos non sabían que facer nin onde ir e vagaban polo planeta ennegrecido intentando atopar un lugar para empezar de novo, cando un pequeno ser, un verme, nun curruncho do planeta, é quen de devolverlles a esperanza e as forzas para loitar e intentar salvar Ardora... agora só queda por ver si o conseguirán.



SOBRE O ESPECTÁCULO

En “Planeta Ardora” apostamos por unha linguaxe visual moi potente da escenografía que nos axude a imprimir no imaxinario de cada quen o que queremos narrar, e que despois cada un traduza en sentimentos a proposta; nas marionetas prima a linguaxe sexual, non queríamos sin embargo privarlas de voz, elas ríen ou choran, berran ou murmuian ... mais para contar esta historia utilizan só catorce palabras, catorce palabras en ardoriano, idioma oficial de Ardora.

O título do espectáculo está inspirado no “mar de ardora”, maravilloso fenómeno de bioluminiscencia que se pode observar nas nosas costas entre outras, é por iso que a nosa auga e algúns seres vivos de Ardora teñen luz, pódese ampliar información sobre este fenómeno nas seguintes ligazóns. paga a pena:

<https://fitopasion.com/2011/11/noctiluca-y-el-mar-de-ardora.html>

https://es.wikipedia.org/wiki/Mar_de_ardora

<http://www.farodevigo.es/gran-vigo/2017/09/22/mar-ardora-vuelve-vigo/1754027.html>

<http://www.farodevigo.es/sociedad-cultura/2015/09/09/espectacular-mar-fluorescente-madrugada-gallega/1310821.html>

<https://viveons.es/mar-de-ardora-en-ons/>

Ficha artística / técnica

<i>Idea orixinal e dirección</i>	Marián González
<i>Actores titiriteiros</i>	Sabela Amado Rojo, Marián González, Luís González
<i>Música</i>	Ignacio Sanz
<i>Foto/Video</i>	Juampa Ameneiro
<i>Producción</i>	Tropicallo
<i>Público</i>	Infantil / Familiar
<i>Marionetas e escenografía</i>	Tropicallo
<i>Necesidades escénicas</i>	Boca - 6,00 mts. Fondo - 3,50 mts. Alto - 2,60 mts. Toma 220 V. 4000 W. Escuridade total - Cámara negra
<i>Duración</i>	50 minutos
<i>Distribución</i>	Marian González Tlf. – 636 86 09 27 Email - marian@tropicallo.com

